

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A fonte de San Vincenzo de Augasantas

No interior da igrexa parroquial de Augasantas, concello de Rois (A Coruña), hai unha fonte con auga salúfera para persoas e animais.

Con esta auga medran e quedan libres de pragas os froitos se se asperxe cunha póla de oliveira que logo hai que chantar na terra, protexe as construcións que se bendicen con ela, afasta o mal e tempera os perigos que poden quedar nunha casa onde houbese unha morte.

A mellor auga é a que se colle o día de San Xoán e tamén a dos meses de abril e maio; cando se usa sempre hai que dicir: entre Xesús en Xerusalén, saia o mal e entre o ben.

A fonte descubriuse unha vez que pasaba un cego co seu burro. O animal bebeu na fonte e logo espurrou nos ollos do cego que sandou ao instante. Tamén se conta ao revés, e quen recupera a vista é o burro. E aínda se conta que o burro estaba doente e que ao beber a auga recuperou a saúde.

BIBLIOGRAFÍA

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio, □A fonte de San Vicente (Augassantas)□, en *Brigantium*, 5, 1984-1985, pp. 105-121.

VAQUEIRO, Vitor, *Guía da Galiza máxica*, Galaxia, 1998, p. 440.